



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	FISIOTERAPIA COMUNITARIA E SAÚDE PÚBLICA		Código	651G01030
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Martinez Rodriguez, Alicia	Correo electrónico	alicia.martinez@udc.es	
Profesorado	Martinez Rodriguez, Alicia	Correo electrónico	alicia.martinez@udc.es	
	Saleta Canosa, Jesus Luis		jesus.luis.saleta.canosa@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Con esta materia abórdanse contidos de saúde comuntaria e saúde pública,desde a perspectiva da Fisioterapia e do sistema sanitario español, a partir de ferramentas fundamentais como a promoción da saúde, prevención e educación da saúde, programación, traballo en equipo e epidemioloxía.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender os conceptos fundamentais da saúde e os seus determinantes, demografía e epidemioloxía e integrar a perspectiva da Saúde Comunitaria e a Saúde Pública nas posibilidades de acción da fisioterapia.	A12 A14 A17	B1 B2 B3	C1 C4
Coñecer a clasificación dos estudos epidemiolóxicos e identificar as características propias de cada tipo de estudio.	A12 A14 A17	B5	C1 C4
Identificar a organización social da atención á saúde, particularmente o Sistema Nacional de Saúde, asumindo a función como fisioterapeuta nos seus distintos ámbitos (especialmente desde a Atención Primaria de Saúde), así como desde a iniciativa comunitaria.	A12 A14 A17		C1 C4
Adquirir ferramentas comunicacionais, de traballo en equipo, de promoción/educación para a saúde e de planificación e xestión de recursos.	A13 A18 A19	B4	C1 C4 C9
Aplicar a perspectiva biopsicosocial e o coñecemento epidemiolóxico, de habilidades comunicacionais, de traballo en equipo e de promoción e educación para a saúde á práctica no eido da fisioterapia	A12 A13 A14 A17 A18 A19	B2 B3 B4 B5	C1 C4 C6 C9

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. Introdución.	<p>Concepto de saúde.</p> <p>A saúde e os seus determinantes.</p> <p>Equidade: contexto sociopolítico, estrutura social (clase social, xénero, idade, etnia e territorio), factores individuais/psicosociais e sistema sanitario.</p> <p>Fisioterapia comunitaria e Saúde pública.</p>
Tema 2. Marco conceptual	<p>Perspectiva biopsicosocial e as súas implicacións.</p> <p>Concepto de saúde comunitaria e niveis de acción.</p> <p>Concepto de Saúde pública e accións. Protección da saúde. Medio ambiente e saúde humana.</p> <p>Niveis de prevención</p>
Tema 3. Epidemioloxía e Demografía sanitaria. Epidemioloxía das enfermidades transmisibles e das patoloxías crónicas.	<p>Concepto de demografía. Demografía estática e dinámica. Axuste de taxas.</p> <p>Concepto de epidemioloxía. Medidas de frecuencia da enfermidade: incidencia e prevalencia.</p> <p>Epidemioloxía xeral das enfermidades transmisibles: bases xerais para a súa prevención.</p> <p>Epidemioloxía general das enfermidades crónicas: dobre carga de enfermidade.</p> <p>Indicadores das enfermidades crónicas. Anos de vida axustados por discapacidade.</p> <p>Vacinas: Concepto. Clasificación. Composición</p>
Tema 4. Tipos e deseños de estudos epidemiolóxicos	<p>Criterios para a clasificación de estudos epidemiolóxicos.</p> <p>Estudos de cohortes: risco relativo. Vantaxes e limitacións.</p> <p>Estudos casos-control: odds ratio. Vantaxes e limitacións.</p> <p>Estudos para a avaliación de probas diagnósticas: sensibilidade, especificidade e valores predictivos</p>
Tema 5. Organización social da atención á saúde.	<p>Modelos de atención sanitaria.</p> <p>Sistema Nacional de saúde. Atención primaria de saúde e ámbitos de actuación.</p> <p>Intervención e participación comunitaria. Acción comunitaria.</p>
Tema 6. Metodoloxía de traballo e intervención en fisioterapia comunitaria.	<p>Comunicación e traballo en equipo. Concepto de traballo en equipo versus traballo en grupo. Funcionamento, organización e comunicación.</p> <p>Promoción da saúde. Educación para a saúde.</p> <p>Planificación e programación na saúde.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 A13 A14 A18 A19 B1 B3 B4	34	34	68
Obradoiro	A12 A13 A14 A18 A19 C1 C4	24	30	54
Aprendizaxe colaborativa	A12 A13 A14 A17 A18 A19 B2 B5 C1 C4 C6 C9	0	24	24
Proba mixta	A12 A13 A14 A18 A19 C1 C6	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías
--------------



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Obradoiro	Análise e/ou síntese de documentos, poñendo en práctica os coñecementos traballados nas clases expositivas; así como desenvolvemento das habilidades e estratexias suministradas.
Aprendizaxe colaborativa	Desenvolvemento por equipos dun tipo de estudo epidemiolóxico cos seus obxetivos, metodoloxía e análise de datos na parte de saúde pública e desenvolvemento/análise dun programa de fisioterapia comunitaria, prevención ou promoción da saúde ou, no seu caso dalgunha actividade relacionada.
Proba mixta	Exame dos contidos e competencias traballados tanto nas sesións maxistras (clases expositivas) ce obradoiros (clases prácticas) como na aprendizaxe colaborativa.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	<p>Se realizará un seguimento do traballo do alumnado.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia, realizará as mesmas actividades formativas que o resto, isto é: estudo dos contidos curriculares, realización dos traballos tutelados.</p> <p>Preferentemente, a forma de atención personalizada ao alumnado será non presencial, a demanda, en formato escrito vía correo electrónico para a aclaración de dúbidas; o vía campus virtual a través dos foros ou de consulta directa, fundamentalmente para aclaración de dúbidas ou resolución de tarefas escritas.</p> <p>Para reunións virtuais, se usará TEAMS previa solicitude.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A12 A13 A14 A18 A19 C1 C6	<p>Módulo de fisioterapia comunitaria</p> <p>Exame que poderá constar de preguntas tipo test, preguntas abertas e análise dun texto, co fin de avaliar as competencias deste módulo. Deberá sacarse como mínimo un 50% e contabilizará ata o 30 % da nota final, sempre e cando se teña superado o módulo de saúde pública.</p> <p>Módulo de saúde pública</p> <p>Para avaliar os coñecementos adquiridos na parte da asignatura impartida polo profesor Saleta, os alumnos deberán superar un exame escrito que constará de preguntas tipo test, preguntas cortas e resolución de exercicios que precisarán cálculo. Esta proba equivalerá ata o 40% da nota final, sempre e cando se teña superado o módulo de fisioterapia comunitaria.</p> <p>Será imprescindible superar cada un dos módulos da asignatura para poder aprobar facendo media co outro módulo.</p>	70



<p>Aprendizaxe colaborativa</p>	<p>A12 A13 A14 A17 A18 A19 B2 B5 C1 C4 C6 C9</p>	<p>Módulo de fisioterapia comunitaria</p> <p>Diseño ou realización dun programa de fisioterapia comunitaria, promoción da saúde ou prevención (ou actividade relacionada como no proxecto Rompendo Regras), en equipos dunhas 6 persoas. Contabilizará ata un 20% da nota final.</p> <p>Módulo de saúde pública</p> <p>Evaluación dun traballo de investigación que será realizado en grupos de aproximadamente 10 alumnos. Contabilizará ata un 10 % de la nota final.</p>	<p>30</p>
---------------------------------	--	---	-----------

### Observacións avaliación

O estudantado a tempo completo e a tempo parcial, será avaliado do mesmo modo tanto na 1ª como na 2ª oportunidade. So se fará media con ambos módulos superados e acadando na proba mixta o 50% da máxima nota en cada módulo. Poderá haber unha proba de avaliación continuada con unha asignación da ata o 50% da nota da materia. Para a avaliación da materia, se terá en conta que a proba mixta non terá unha porcentaxe inferior ao 70% e a avaliación da aprendizaxe colaborativa non superará o 30% aínda que por circunstancias concretas externas, poderán haber pequenas modificacións dentro destes límites que constan na memoria do título.

Para aprobar o módulo impartido polo profesor Saleta é imprescindible acudir ás clases prácticas e participar co resto de compañeiros/as do grupo na realización dun traballo de investigación. Se poderá faltar como máximo unha vez ás clases prácticas. **NON CUMPLIR ESTES REQUISITOS** (participar no traballo de investigación ou faltar máis dunha vez ás clases prácticas) **SUPORÁ NON PODER SUPERAR A PARTE DA ASIGNATURA IMPARTIDA POR ESTE PROFESOR.** Para as seguintes convocatorias será requisito indispensable presentar un traballo de investigación, realizado de maneira individual, se non tivo participado no traballo de grupo durante o curso. Non cumprir este requisito tamén suporá non poder superar este módulo. Isto é aplicable ao alumnado con recoñecemento de adicación parcial.

Neste senso, o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia, realizará as mesmas actividades formativas que o resto, só que, de non participar activamente co grupo, será de forma individual e autónoma no estudo dos contidos curriculares, realización de traballos asignados e seguimento das actividades desenvolvidas nas prácticas. Preferentemente, a forma de atención personalizada ao alumnado será non presencial, a demanda, en formato escrito vía correo electrónico ou vía campus virtual a través dos foros ou de consulta directa, fundamentalmente para aclaración de dúbidas ou resolución de tarefas escritas. Para reunións virtuais, se usará TEAMS previa solicitude.

Tódolos aspectos relacionados coa "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica", rexeranse dacordo coa normativa académica vixente da UDC.

### Fontes de información

<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Argimón Pallás Josep María (2019). Métodos de investigación clínica y epidemiológica . Barcelona : Elsevier</li> <li>- Hernández-Aguado Ildelfonso et al. (2011). Manual de epidemiología y salud pública para grados en ciencias de la salud. Madrid: Editorial Médica Panamericana</li> <li>- Lemus JD, Aragües y Oroz Valentín, Lucioni María del Carmen (2008). Epidemiología y salud comunitaria. Rosario: Corpus</li> <li>- Malagón-Londoño G, Moncayo Medina A (2011). Salud pública. Perspectivas. Bogotá:Editorial Médica Panamericana</li> <li>- Martínez Rodríguez, Alicia (2008). Fisioterapia en atención primaria . Madrid: Síntesis</li> <li>- Piédrola Gil, Gonzalo (2016). Medicina Preventiva y salud pública. Barcelona: Elsevier Masson</li> <li>- Amando Martín Zurro, Gloria Jodar Solà (2018). Atención familiar y salud comunitaria : conceptos y materiales para docentes y estudiantes. Barcelona: Elsevier</li> </ul>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**



MARCO TEÓRICO DA FISIOTERAPIA E A REHABILITACIÓN FÍSICA/651G01006

PSICOLOXÍA/651G01012

ESTANCIAS CLÍNICAS I/651G01035

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

DOCUMENTACIÓN E ESTADÍSTICA SANITARIA/651G01028

LEXISLACIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA/651G01029

**Materias que continúan o temario**

TRABALLO FIN DE GRAO/651G01034

**Observacións**

Organizar o traballo para ir xestionando o estudo e posta en marcha das actividades non presenciais ao longo de todo o &nbsp;cuatrimestre, a fin de facilitar a aprendizaxe e o éxito na avaliación. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse&nbsp;na medida do posible&nbsp;as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.&nbsp;- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías